



MEMORIA XUSTIFICATIVA

CONVENIO DE COLABORACIÓN EN MATERIA DE FORMACIÓN ENTRE A ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA E O CONCELLO DE PONTEVEDRA.

O Director Xeral da Academia Galega de Seguridade Pública **DECLARA:**

Que este organismo autónomo formalizou con data 2 de setembro de 2019 un convenio de formación co concello de Pontevedra por un período de vixencia de catro anos dende o día da súa sinatura.

Que o instrumento convencional ten por obxecto o establecemento dun marco de colaboración entre a Agasp e o concello de Pontevedra para a formación continua do persoal do seu Corpo da Policía Local e das emerxencias.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se asinou se fundamenta nos principios de eficacia e eficiencia que deben presidir toda actuación administrativa e no que ambas partes detectan a necesidade de cooperación no exercicio da función de formación continua e perfeccionamento do persoal da policía local e o das emerxencias da entidade local xa que brinda a oportunidade de multiplicar os logros de cada institución reducindo os custes.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA



O convenio marco de colaboración en materia de formación foi informada favorablemente pola Asesoría Xurídica da Vicepresidencia, Administracións Públicas e Xustiza con data 18 de setembro de 2018.

E para que conste, asínase esta memoria, na Estrada, na data da sinatura dixital.

Santiago Villanueva Álvarez

Director xeral da Academia Galega de Seguridade Pública



Xacobeo 2021

